

C) Presuposto TOTAL (A+B): 27.294,80 Euros

6. **GARANTÍA PROVISIONAL:** non se esixe.

7. **GARANTÍA DEFINITIVA:** 5% do importe da adxudicación IVE excluído.

8. **REQUISITOS ESPECÍFICOS DO CONTRATISTA:** Ver cláusula 7 do Prego.

**9. PRESENTACIÓN DAS OFERTAS OU DAS SOLICITUDES DE PARTICIPACIÓN:**

A) Data límite de presentación de ofertas: nas horas de oficina de 9.00 a 13.00 h dentro do prazo de 15 días naturais contados dende o seguinte ao da derradeira publicación do anuncio de licitación no BOP ou no Perfil de contratante: [www.dicoruna.es](http://www.dicoruna.es)

B) Presentarase en tres sobres pechados:

**Sobre A, subtítulo "Documentación" e sobre B, subtítulo "Referencias Técnicas":**

Conterán a documentación esixida na cláusula 10 do Prego de cláusulas administrativas e técnicas particulares.

**Sobre C, subtítulo "Oferta económica"**

Conterá a proposición económica axustada ao modelo que figura no ANEXO2 do prego de cláusulas administrativas e técnicas particulares.

**10. INFORMACIÓN:**

[www.dicoruna.es](http://www.dicoruna.es) 981 180 314

**11. GASTOS DE ANUNCIOS:**

Os gastos correspondentes aos anuncios da licitación serán por conta do adxudicatario.

A Coruña, 25 de xuño de 2008

O PRESIDENTE,

SALVADOR FERNANDEZ MOREDA

O SECRETARIO,

JOSE LUIS ALMAU SUPERVIA

08/8050-x

**DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA**

Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos

Sección/Negociado Planificación de Recursos Humanos

**ANUNCIO**

*Aprobación definitiva Regulamento regulador da selección de persoal funcionario interino e laboral temporal da Deputación Provincial da Coruña*

**Sección: PLANIFICACIÓN DE RECURSOS HUMANOS.**

Na sesión celebrada o día 25/04/2008, a Corporación Provincial acordou aprobar inicialmente o expediente de "REGULAMENTO REGULADOR DA SELECCIÓN DE PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO E LABORAL TEMPORAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA".

Non téndose presentado reclamacións, nin suxerencias contra o expediente durante o prazo de exposición ó público, quedou definitivamente aprobado, segundo o disposto no art. 49 da Lei 7/1985, reguladora das Bases do Réxime Local.

De conformidade co establecido no art. 70.2 da citada Lei 7985, publícase o seu contido íntegro que figura deseguido, entrando en vigor ó día seguinte do prazo establecido no dito precepto en relación ó art. 65.2 do repetido texto legal:

**REGULAMENTO REGULADOR DA SELECCIÓN DE PERSOAL FUNCIONARIO, INTERINO E LABORAL TEMPORAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.**

**Artigo 1.-** O obxecto do presente regulamento é a regulación da cobertura temporal de prazas vacantes tanto de persoal funcionario, como de persoal laboral da Deputación Provincial da Coruña, con funcionarios interinos e con persoal laboral temporal, nos casos previstos legalmente.

**Artigo 2.-** Para facer efectivo o sistema de cobertura, unha vez celebrados os procesos selectivos correspondentes para o acceso ás prazas incluídas nas ofertas de emprego correspondentes, confeccionaranse unhas listaxes con aquelas persoas aspirantes que se presentaran ás probas selectivas do último proceso de acceso á condición de funcionario de carreira ou laboral fixo, convocadas pola Deputación Provincial da Coruña, aprobaran algún exercicio, para estes efectos computaranse as notas obtidas nas probas correspondentes ao mesmo corpo, escala, subescala ou categoría da listaxe que se pretenda formar. No caso de empate prevalecerá a nota máis alta obtida no primeiro exame, de persistir o empate terá preferencia a muller ao home sempre e cando nun determinado corpo, escala, grupo ou categoría se verifique a infrarrepresentación do sexo feminino nunha diferenza porcentual de polo menos vinte puntos entre o número de mulleres e o número de homes, agás se considerando obxectivamente todas as circunstancias concorrentes nos candidatos de ambos sexos existen motivos non discriminatorios para preferir ao home, e en caso de continuar o empate terá preferencia o/a aspirante de maior idade.

**Artigo 3.-** No caso de que non se celebren procesos selectivos, ou que se esgotasen as listaxes, aprobarase unha convocatoria para a elaboración das listaxes de aspirantes para aquelas prazas e/ou contratacións laborais temporais que resulten necesarias, polo que se publicará a devandita convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, na que se determinará o prazo de presentación de solicitudes e a proba selectiva correspondente.

**Artigo 4.-** As solicitudes, presentaranse dentro do prazo sinalado para tal efecto na convocatoria no Rexistro Xeral da Deputación provincial ou na forma prevista no art. 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, á que se acompañará a acreditación documental da titulación esixida para optar á praza.

**Artigo 5.-** Expirado o prazo de presentación de instancias, a Presidencia da Corporación no prazo máximo de 15 días declarará aprobada a listaxe provisional de admitidos/as e excluídos/as. Os erros de feito poderán corrixirse en calquera momento de oficio ou por pedimento do interesado. En todo caso a resolución a que se refire o punto anterior establecerá para os efectos de reclamacións o prazo de dez días.

Posteriormente, a Presidencia da Corporación declarará aprobada a listaxe definitiva de admitidos/as e excluídos/as publicándose no Boletín Oficial da Provincia, xunto coa composición do tribunal cualificador, lugar, data e hora de comezo do exercicio.

**Artigo 6.-** O tribunal cualificador terá a seguinte composición:

- Un/ha presidente/a, que será un funcionario/a designado/a polo presidente da deputación.

- Tres vogais funcionarios da deputación designados polo presidente da Corporación, un dos cales serao por proposta da representación sindical.



- Un/ha secretario/a, que será o secretario xeral da deputación ou funcionario/a en que delegue.

O tribunal resolverá durante o proceso de elaboración das listaxes todas as cuestións de interpretación que se presenten.

A composición do tribunal deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos membros e tenderase á paridade entre homes e mulleres.

**Artigo 7.-** Unha vez elaboradas as listaxes con todos os aprobados e aprobadas, elevaranse á Presidencia da Deputación provincial, que as aprobará por resolución e, unha vez aprobadas, expoñeranse no taboleiro de anuncios e páxina web da deputación, na que tamén se expoñerán os cambios que se produzan nelas. Contra a resolución aprobatoria das listaxes, poderase interpoñer reclamación no prazo de dez días.

**Artigo 8.-** O nomeamento e cesamento de persoal funcionario interino e do contratado laboral temporal, realizarase de acordo coa lexislación vixente aplicable en cada caso.

**Artigo 9.-** As listaxes renovaranse despois de que se resolvan as convocatorias de acceso aos corpos, escalas, subescalas e/ou categorías, incluídas na oferta pública de emprego correspondente, a que se refiran tales convocatorias e perderán validez as que ata entón estivesen vixentes, extinguíndose o dereito a permanecer nestas unha vez aprobadas as novas listaxes. En todo caso, con carácter xeral, as listaxes renovaranse cada dous anos.

A orde de prelación dos/as aspirantes incluídos/as nas listaxes irase modificando cos conseguintes chamamentos de acordo coas seguintes regras:

- Se o/a aspirante está prestando servizos nesta deputación non se lle ofertará ningún posto de traballo ata que non conclúa a súa relación funcional laboral agás que no novo posto de traballo se prevea unha duración superior a un ano.

- Se o/a aspirante chamado/a non puidese ser nomeado/a por causa xustificada, conservará a súa orde de prelación na listaxe; en caso contrario, será excluído dela. Considéranse causas xustificadas:

- A baixa por maternidade.
- Hospitalización ou doenza grave
- Outras causas análogas discrecionalmente apreciadas polo Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos, que dará conta posteriormente á Comisión de Seguimento das Contratacións.

- Se calquera dos/as integrantes da listaxe renunciase a formar parte dela, ou unha vez nomeado/a renunciase, fose separado/a do servizo por sanción disciplinaria e/ou por despedimento declarado procedente, será excluído/a da listaxe.

- Se unha vez nomeado/a, o tempo traballado fose inferior a un ano, retornará ao posto que ocupaba na orde de prelación da listaxe no momento de ser chamado/a, se fose igual ou superior a un ano pasará a ocupar o último lugar da listaxe.

**Artigo 10.-** Os chamamentos dos/as aspirantes poderanse facer, segundo a fórmula indicada na súa solicitude, dentro destas opcións: telefonicamente, por correo electrónico ou mediante mensaxe telefónica, para iso a persoa interesada deberá facilitar todos os datos para facer efectivo o chamamento por algunha modalidade na solicitude. Os chamamentos faranse entre as 8:00 e as 15:00 horas e o funcionario que os realice fará constar mediante dilixencia a realización de tales chamamentos e se tiveron ou non resposta, dándoselles un prazo de dous días hábiles para aceptar ou renunciar. A non resposta no prazo de dous días supón, con carácter xeral, a exclusión da listaxe correspondente.

**Artigo 11.-** Para que se poidan cubrir as baixas por incapacidade temporal con persoal temporal, a súa duración estimarase como mínimo dun mes, con excepción do persoal docente e atención directa de menores.

**Artigo 12.-** Mentres a deputación non estableza un sistema propio de selección para a selección do persoal funcionario interino e laboral temporal de carácter docente, acudirase á relación baremada que a Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria ten para tal fin, os/as aspirantes chamaranse por rigorosa orde de puntuación e segundo as normas que rexen na citada Consellaría.

**Artigo 13.-** Créase unha Comisión de Seguimento dos Contratos celebrados en aplicación deste Regulamento, que se reunirá trimestralmente e á que dará conta o Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos da xestión das respectivas listaxes.

A antedita Comisión de Seguimento estará constituída por:

Presidenta: xefa do Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos.

Vogais:

Un membro por cada sindicato con representación na Mesa Xeral de Empregados Públicos A oficial maior.

A xefa da Sección de Xestión de Recursos Humanos.

A xefa de Negociado de Planificación de Recursos Humanos.

Secretaria:

A xefa da Sección de Planificación de Recursos Humanos.

A Coruña, 25 de xuño de 2008.

O PRESIDENTE,

Asdo.: SALVADOR FERNÁNDEZ MOREDA.

O SECRETARIO,

Asdo.: JOSÉ LUIS ALMAU SUPERVÍA.

08/8016-x

## DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA

### Patrimonio y Contratación

#### ANUNCIO

*Relación de contratos adjudicados por la Diputación Provincial de A Coruña en el período de 1 al 31 de mayo de 2008*

Con arreglo a lo dispuesto en el artículo 93 del Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de junio, por el que se aprueba el Texto Refundido de la Ley de Contratos de las Administraciones Públicas, se hace pública la relación de contratos adjudicados por esta Diputación Provincial de A Coruña en el período del 01 al 31 de mayo de 2008.